

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN/DUNHA PSICÓLOGO/A DO CIM A XORNADA PARCIAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CON CARÁCTER DE URXENCIA.

En Monforte de Lemos a 28 de Xullo de 2015, sendo as 9:00 os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para avaliar a fase de concurso dos/as aspirantes a prover a praza descrita anteriormente, que son:

- ⇒ Presidente/a: Dona Patricia Payo Moure, Coordinadora do C.I.M. do Concello de Monforte de Lemos
- ⇒ Secretario/a: O Secretario da Corporación Don José María Baños Campos con voz e voto.
- ⇒ Vocais: Don José María Valcarce Rodríguez, Dona M^a Inmaculada Buján Arias, Dona Elisa Martínez Arias, Persoal do Concello de Monforte de Lemos.

Constituído o Tribunal cualificador e unha vez comprobada a documentación presentada pola persoa aspirante procedese a realizar a Fase de Concurso co seguinte resultado ó abeiro da base oitava das Bases do proceso:

"A)Experiencia Profesional:

-Servizos prestados, como Psicólogo/a en Centros de Información á mulleres na Administración Pública 1 puntos por ano traballado, ou puntuación proporcional correspondente para o caso de ser períodos inferiores, ata un máximo de toma en consideración de dez anos.

-Servizos prestados como Psicólogo/a en ámbitos relacionados coa igualdade de oportunidades e/ou violencia de xénero, nalgunha/s da/s Administración/s Pública/ sen ser no C.I.M.: 0,50 puntos, por ano traballado, ou puntuación proporcional correspondente para o caso de ser períodos inferiores ata un máximo de toma en consideración de dez anos.

-Servizos prestados como Psicólogo/a noutros ámbitos, 0,25 puntos por ano traballado, ou puntuación proporcional correspondente para o caso de ser períodos inferiores ata un máximo de toma en consideración de dez anos.

Os servizos refírense tamén aos prestados mediante contratación administrativo de servizos ou prestacións dos mesmos como autónomo/a.

Non se poderá acadar nesta parte da Fase de Concurso máis de seis puntos.

Os méritos alegados polos /polas aspirantes deberán acreditarse para a súa valoración, exactamente, do seguinte xeito (non sendo obxecto de valoración en caso contrario):

-Os Servizos prestados na Administración pública, mediante certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, que reflecta as tarefas desempeñadas e vida laboral.

-Os Servizos prestados en empresas privadas, mediante presentación do modelo oficial vida laboral aos que deberán acompañar, inescusablemente os contratos de traballo debidamente rexistrados no SEPE.

-Os servizos prestados mediante contratación administrativa de servizos, con copia do contrato e certificado da Administración pública onde se prestaron e o tempo total de prestación.

-Os servizos prestados como autónomo/a, mediante certificado de alta no IAE e certificado da Administración pública ou representante da empresa privada que poidan acreditar un tempo de servizos para as mesmas.

En todo caso dos referidos documentos deberá desprenderse o traballo que desempeñaba a persoa interesada especificando as funcións e tarefas realizadas.

Os méritos valoraranse con referencia á data na que remate o prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente na solicitude de participación coa presentación dos orixinais ou fotocopias compulsadas.

B) Formación:

1. *Cursos de Formación recibidos; que fosen impartidos ou homologados pola Administración ou Organismo Público correspondente, relativos á igualdade, violencia de xénero, ou materias específicas de psicoloxía relacionadas coas funcións a desempeñar no posto de traballo obxecto desta convocatoria,;*

-De 50 a 99 horas 0,30 Puntos por Curso.

-De 100 ou máis horas 0,50 Puntos por Curso.

Os cursos acreditaranse mediante copia compulsada do diploma ou certificado de aproveitamento ou asistencia, debendo constar a duración e contido dos mesmos.

Non se poderá acadar nesta parte da Fase de Concurso máis de 4 puntos.

C) Outros méritos:

- Impartición de cursos, seminarios, obradoiros ou xornadas que teñan relación coas funcións da praza a cubrir, a razón de 0,30 puntos por cada un.
- Impartición de cursos, seminarios, obradoiros ou xornadas como psicólogo/a que non teñan relación coas funcións da praza a cubrir, a razón de 0,15 puntos por cada un.

A Impartición de curso acreditarase por calquera medio válido en dereito.

Non se poderá acadar nesta parte da Fase de Concurso máis de 2 puntos.

D) Coñecemento do idioma Galego:

Os cursos de coñecemento da lingua galega valoraranse do seguinte xeito:

- Por superar o curso ou validación de iniciación/ CELGA 3: 0,25 puntos.

- Por superar o curso ou validación de perfeccionamento/ CELGA 4, ou curso básico de linguaxe xurídico - administrativo: 0,50 puntos.

- Por superar o curso de linguaxe xurídico- administrativo medio: 0,75 puntos.

- Por superar o curso de linguaxe xurídico- administrativo superior: 1 punto.

Non se poderá acadar nesta parte da fase de Concurso máis de 1 punto e en caso de ter máis dun dos cursos baremables soamente se terá en conta o de maior puntuación.

Os cursos acreditaranse mediante copia compulsada do diploma ou certificado de aproveitamento ou asistencia."

Sendo o resultado do proceso selectivo o detallado a continuación:

NOME	DNI	EXPERIENCIA	FORMACIÓN	OUTROS MÉRITOS	GALEGO	TOTAL
MARGARITA LUCÍA NÚÑEZ ÁLVAREZ	34.266.284-X	6	4	2	0,50	12,50

Visto o anterior o Tribunal propón a contratación, de Dona Margarita Lucía Núñez Álvarez .

E non sendo outro o obxecto da presente, dáse por rematado o acto as nove horas e cincuenta minutos, asinando os membros do Tribunal.

Asinan as persoas pertencentes o tribunal:

